



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
ACTO SOLEMNE DE APERTURA DO CURSO 2023-2024
MEMORIA DO CURSO ACADÉMICO 2022-2023

Sr. Reitor Magnífico, vicerreitoras, vicerreitores, xerente, autoridades, claustro de profesoras e profesores, persoal de administración e servizos, estudantes, señoras e señores,

Iniciamos este acto solemne de apertura de curso dando conta das principais actuacións levadas a cabo na nosa Universidade ao longo do curso 2022-2023, no que afortunadamente se recuperou por completo a normalidade. Tras as eleccións que tiveron lugar en febreiro de 2022 constituíuse un novo Claustro e iniciouse o actual período de mandato cun equipo de goberno máis reducido, composto por 6 vicerreitorías, a secretaría xeral e a xerencia. Esta estrutura de goberno complementouse co nomeamento de tres adxuntas e adxuntos a vicerreitorías e de seis delegadas e delegados do reitor para atender diversas políticas de carácter transversal.

Xa no curso 2022-2023, unha das cuestións máis relevantes foi o importante incremento dos prezos da enerxía nun contexto de crise mundial que obrigou a adoptar medidas extraordinarias como o axuste dos períodos de actividade dos centros académicos e administrativos e mesmo o peche das instalacións no período de Nadal. Tamén se produciron importantes cambios normativos no ámbito universitario, entre os que salienta a aprobación da Lei Orgánica do Sistema Universitario, que leva consigo a necesidade de aprobar unhas novos Estatutos no prazo de dous anos.

Tras esta breve contextualización e tendo en conta que no pasado mes de maio o reitor presentou no Claustro o seu informe de xestión, refirireime unicamente ás actuacións máis salientables do último curso, que agruparei en seis bloques: ensinanza e

aprendizaxe, investigación e transferencia, internacionalización, extensión universitaria e compromiso social, organización e xestión, e comunidade universitaria.

ENSINANZA E APRENDIZAXE

Unha das actuacións máis salientables do curso 2022-2023 no ámbito da oferta académica foi a adaptación normativa á regulación estatal sobre organización das ensinanzas universitarias oficiais e da formación permanente, que se concretou na aprobación polo Consello de Goberno de dous novos regulamentos, o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento de Estudos Propios, no que se presta especial atención á nova configuración dos másteres de formación permanente e ás microcredenciais ou micromódulos.

En relación coas **titulacións oficiais**, o novo marco normativo implicou a apertura dun proceso xeral de adaptación dos títulos que no pasado curso supuxo o inicio dos procesos, de modificación nuns casos e de reverificación noutros, para 15 titulacións de grao e 9 de máster, aos que se sumou a modificación de 12 programas de doutoramento. Así mesmo, avanzouse nos procesos de seguimento e de renovación da acreditación de distintas titulacións de grao e máster, nos de acreditación institucional de centros e na consecución de selos de calidade internacionais como o Chemistry Quality Eurolabel® obtido polo Grao en Química.

Por outra banda, puxéronse en marcha as 4 titulacións conxuntas resultado final do proxecto Universidade sen Fronteiras (UNISF): Máster en Desafío das Cidades, Máster en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais, Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento e Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións. Tamén foron verificados 4 novos títulos de máster e 1 programa de doutoramento, todas elas titulacións interuniversitarias que se implantarán neste curso.

Entre as actuacións desenvolvidas no ámbito de doutoramento destacan a acreditación de todos os programas ofertados e a do Sistema de Garantía Interno de Calidade (FIDES-

AUDIT) da EDIUS; a ampliación e reforzo da oferta formativa de carácter transversal; o impulso da innovación e a transferencia coa sinatura de 8 novos convenios para o desenvolvemento de doutoramentos industriais; o incremento de convenios internacionais de cotutela; a primeira convocatoria de axudas *José Otero e Carmela Martínez*; a posta en marcha da tramitación telemática de solicitude e depósito de teses e a elaboración de vídeos de presentación da EDIUS e de temas de interese para o estudantado. O pasado curso defendéronse preto de 300 teses de doutoramento.

No eido da **organización académica**, as actuacións máis salientables foron a aprobación, no marco do Plan de Igualdade e do Regulamento de planificación académica, do *Procedemento de Atención á Conciliación da Vida Persoal e Profesional do Profesorado no Proceso de Asignación de Docencia*, para facilitar o equilibrio entre a vida persoal e profesional; a aprobación do *Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado universitario*; a actualización dos termos de colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos e a incorporación da posibilidade de que os doutorandos e doutorandas beneficiarios de axudas ao doutoramento industrial realicen colaboracións complementarias en tarefas docentes.

No que respecta aos **estudos propios**, ofertáronse 91 cursos, maioritariamente nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias da Saúde, dos que 19 foron másteres propios, 13 cursos de especialización, 39 cursos de formación continua e 20 cursos do programa de formación específica e a demanda. O Máster Propio en Dirección e Xestión do Comercio Exterior e o Máster Propio en Medicina Oral, Cirurxía Oral e Implantoloxía superan xa as 20 edicións.

Pola súa parte, o **Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo**, ofertou o pasado curso, entre os dous campus e as sedes de Ribeira e Vilagarcía de Arousa, 82 materias no título propio que dá acceso ao Diploma Sénior. Ademais, organizou diversas sesións formativas nos programas *Camiños de Coñecemento e Experiencia*, *Democratización do*

Coñecemento e Campus Itinerante; unha nova edición do programa *Destacando na Ciencia* nos Campus de Lugo e Santiago; e 30 seminarios de diversas temáticas.

INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Unha das principais actuacións neste ámbito foi a creación dun total de 54 **programas de investigación** ao abeiro da resolución reitoral do 5 de abril de 2022 relativa á creación de programas propios da USC para posibilitar a contratación de persoal indefinido vinculado a actividades de investigación, nos que se incorporaron máis de 900 investigadores e investigadoras.

É de destacar a renovación no pasado curso do **Selo Europeo Human Resources Excellence in Research (HRS4R)**, que acredita a calidade acadada na xestión da contratación de persoal investigador.

En relación coa **captación de talento científico e Investigador** cómpre salientar a incorporación ao abeiro de diferentes programas de Recursos Humanos estatais e autonómicos de 200 investigadores e investigadoras, a metade deles predoutorais e 17 vinculados ao programa *Ramón y Cajal*. Formalizaranse tamén 3 contratos financiados a través da convocatoria *Beatriz Galindo*.

En **proxectos de investigación** a USC acadou no ano 2022 un total de 20 millóns de euros de financiamento nacional, dato sensiblemente superior ao de anos precedentes grazas ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, actualmente en execución. Entre os proxectos financiados no marco deste Plan merece ser destacado o *Proxecto Nós*, que recibiu 2 millóns de euros no marco do PERTE *Nueva Economía de la Lengua* e no que participan o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) e o Instituto da Lingua Galega.

A nosa Universidade participou activamente nas distintas convocatorias do Programa Interreg, con 41 candidaturas (en 12 como coordinadora) nas do VI Programa de Cooperación Internacional Transfronteiriza POCTEP; con 9 propostas (das que foron

aprobadas 5) nas do programa Atlantic Area e con 9 candidaturas (das que pasaron á segunda fase 5) no programa Sudoe. Desde o curso 2021-2022 a USC acadou 4 axudas do *European Research Council* (ERC), que sumadas ás 13 obtidas anteriormente sitúan á nosa Universidade no sexto posto entre as universidades españolas en número de proxectos aprobados. No Programa Marco de I+D da Unión Europea aprobáronse 9 proxectos con participación da USC, 2 financiados polo *European Innovation Council* (EIC) e 7 correspondentes a programas de investigación “Clusters”. Tamén se financiou un proxecto a través do Programa Europeo Digital. Así mesmo, no marco das convocatorias Erasmus+, en 2022 aprobáronse 9 proxectos, 3 deles coordinados por grupos de investigación da USC, e en 2023 a USC está participando en 29 solicitudes, como coordinadora en 7 delas.

No marco do Programa Estatal de Xeración de Coñecemento a USC acadou financiamento para un total de 70 proxectos de investigación, dos que 33 teñen asociada a contratación de persoal investigador predoutoral. Este resultado representa preto do 50% dos proxectos financiados ás universidades públicas galegas.

Na convocatoria do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitiva do ano 2022, obtiveron axudas 34 grupos de investigación, 12 como grupos con potencial de crecemento e 22 como grupos de referencia competitiva, mantendo a USC o seu peso relativo no Sistema Universitario de Galicia (SUG) con preto de dous terzos dos grupos de referencia competitiva e a metade dos de potencial de crecemento.

A USC captou por medio de **contratos e convenios de I+D** arredor de 8,5 millóns de euros, dos que 3,9 corresponden a administracións públicas. A nivel empresarial destacan as colaboracións coa empresa EPITERNA para un estudo sobre o envellecemento e coa empresa Aquatreck Animal Health no ámbito das vacinas. A USC participou tamén en 6 proxectos financiados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) con empresas como Stolt Sea Farm ou Ovopiscis no

ámbito da acuicultura, Innolact no da industria láctea, Grupo Ferroatlantica no de materiais ou Oncostellae no médico.

A nosa Universidade mantén a estratexia de **consolidación de centros e institutos de investigación** en ámbitos con capacidade científica consolidada e grupos de investigación activos. Ao longo do pasado curso avanzouse na reconfiguración de centros como o Instituto da Lingua Galega (ILG), o Instituto de Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), e na fusión dos Institutos de Acuicultura e de Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS). Traballouse tamén na creación dun novo instituto no ámbito da Psicoloxía e retomáronse os labores dirixidos á proposta doutro no ámbito das Humanidades.

As **infraestruturas de investigación** da USC atenderon durante o ano 2022 máis de 10.000 solicitudes de servizo, relacionadas maioritariamente coa análise e caracterización de mostras, asesoraron ao persoal investigador e colaboraron no desenvolvemento de novos procedementos de investigación. No que atinxe á captación de recursos, obtivéronse 1,3M€ en axudas para a adquisición e modernización de equipamento científico. En 2022 ampliáronse os espazos de estabulación de animais do **Centro de Biomedicina Experimental** (CEBEGA) para atender a crecente demanda tanto de grupos da USC como de centros de investigación alleos.

A **transferencia e valorización do coñecemento** foi outra das facetas destacadas da USC o pasado curso, no que se superou a media de grupos de investigación que inician procesos de transferencia dos seus resultados. Presentáronse 17 novas solicitudes de patente e outras tantas de rexistro de propiedade intelectual, situándose a carteira de patentes vivas de titularidade da USC por riba das 100, o que lle confire un lugar destacado entre as universidades españolas. Así mesmo, asináronse 31 novos acordos con empresas para licenciar coñecemento da USC, entre os que destaca o asinado coa empresa REIG JOFRE para o lanzamento dun produto farmacéutico cunha nova tecnoloxía de liberación patentada pola USC.

A maduración de resultados de investigación segue a ser un aspecto fundamental na mellora da transferencia de coñecemento. O pasado curso a USC obtivo financiamento para 15 novos proxectos de valorización, 11 deles da “Convocatoria de Proba de Concepto” da Agencia Estatal de Investigación, situándose na terceira posición entre as universidades que máis proxectos conseguiron.

A promoción e creación de empresas baseadas no coñecemento segue a ter un papel destacado na nosa Universidade. A constitución de 2 novas empresas sitúa en preto de 30 a carteira de empresas participadas pola USC, cunha facturación global de máis de 50M€ e 450 empregos activos, o que reflicte o impacto económico e social deste tipo de empresas. Neste mesmo ámbito destaca o papel da incubadora BIOINCUBATECH, liderada pola USC e financiada pola Fundación INCYDE, que asesorou 26 proxectos de emprendedores, dos que 18 chegaron a constituírse como empresa. Na liña de estimular o emprendemento e a transferencia na comunidade universitaria a USC puxo en marcha neste curso o programa “ICARUS” co obxectivo de premiar a estudantes de grao, mestrado e doutoramento que busquen unha aplicación social e económica dos seus traballos académicos. O programa “ARGOS”, destinado a apoiar plans de empresa promovidos por estudantes e persoas recentemente tituladas, deu lugar neste curso a 6 plans e o programa “Explorer”, promovido por Santander Universidades, conseguiu mobilizar 12 proxectos de emprendemento, 9 no Campus de Santiago e 3 no Campus de Lugo.

No curso 2022-2023 creáronse 3 **cátedras institucionais**: a Cátedra *Vida Saudable*, patrocinada pola Consellería de Sanidade; a Cátedra de *Intelixencia Artificial en Ciencias da Saúde*, financiada por TECNOLOGÍAS PLEXUS e a Cátedra de *Cultura Latinoamericana Alejo Carpentier*, resultado da transformación da Cátedra de *Cultura Cubana* do mesmo nome para incorporar a actividade do Centro Propio Interdisciplinario de Estudos Americanistas “Gumersindo Busto”. Así mesmo, está en proceso de creación unha nova cátedra que se financiará co legado do doutor Alejandro Álvarez Coira coa finalidade de fomentar a docencia, investigación e difusión do coñecemento no campo das ciencias da saúde.

O **Museo de Historia Natural** da USC continuou a ser un importante centro de referencia no ámbito científico, coa promoción de encontros entre investigadores de distintos campos. Especialmente relevante foi a presentación oficial do “Meteorito de Traspenna” liderada por investigadores da nosa universidade, que constituíu un fito na astronomía galega e estatal. A incorporación desta importante peza ao patrimonio histórico-científico da nosa Universidade supuxo o recoñecemento do Museo como “repositorio internacional de meteoritos”. Salientan tamén o encontro científico celebrado co gallo da conmemoración do Día Mundial do Solo, as importantes doazóns de coleccións científicas e a organización e colaboración do Museo en numerosas actividades e exposicións, entre as que destaca o proxecto *Unha ollada científica ao mundo mineral*, que culminou coa exposición temporal *MINERAIS. Ver o invisible* na que se presentou en sociedade o novo mineral galego, a Ermeloíta, así como unha exposición con ocasión do “Día Internacional dos Museos 2023” e do Centenario do Seminario de Estudos Galegos. Cómpre destacar o importante incremento do número de visitantes do Museo, especialmente do sector educativo.

Desempeña tamén un papel estratéxico na difusión da actividade investigadora, no apoio á docencia e na transferencia de coñecemento o **Servizo de Publicacións e Intercambio Científico**. No curso 2022-2023 publicáronse 22 libros impresos, 6 deles en coedición, e 54 en edición dixital; 31 volumes de revistas universitarias en edición dixital e 332 teses de doutoramento, aloxadas en acceso aberto en Minerva. Salienta a incorporación ao Portal Dixital de Revistas da USC da nova revista *Labor*, promovida pola Sociedade Internacional de Dereito do Traballo e coordinada desde a USC; a renovación do selo de calidade USC Editora; a obtención do Premio Nacional de Historia de España polo libro deste selo, *El vuelo corto. Mujeres y migraciones en la Edad Moderna*, de Ofelia Rey Castelao, e o recoñecemento a catro das revistas editadas co selo de calidade FECYT.

INTERNACIONALIZACIÓN

Neste ámbito salienta a recuperación no pasado curso das cifras pre-pandemia de **mobilidade** de estudantado, PDI e PAS nos programas Erasmus+ KA131 e KA171, nos que a USC acadou subvencións por máis de 2,70M€, situándose entre as universidades españolas con maior volume de captación de fondos procedentes destes programas.

Por outra banda, no mes de xaneiro de 2023 a USC incorporouse á **alianza EuniWell**, *a Universidade Europea do Benestar*, que vén de obter un financiamento de 14,40M€ dentro do proxecto *Erasmus+ European Universities* para un período de catro anos. Este consorcio persegue comprender, mellorar, medir e reequilibrar o benestar das persoas, as comunidades e a sociedade no seu conxunto en base a valores democráticos, inclusivos e de diversidade. Está coordinado pola Universidade de Colonia e participan nel as universidades de Birmingham, Colonia, Constanza, Florencia, Inalco, Linnaeus, Murcia, Nantes, Santiago de Compostela, Semmelweis e Taras Shevchenko de Kiev.

Outro dos fitos destacados no ámbito da internacionalización foi a organización do *// Cumio Académico e do Coñecemento UE-CELAC*, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Secretaría General Iberoamericana, que reuniu en Santiago no mes de maio a preto de 200 representantes de universidades, de axencias de calidade e de gobernos da Unión Europea, Latinoamérica e o Caribe, co obxectivo de impulsar a construción dun espazo común euro-latinoamericano e caribeño de educación superior, ciencia, tecnoloxía e innovación.

No eido da cooperación internacional cabe salientar a ampliación, en estreita colaboración co Consello Social, do *Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas ou con Estatuto de Protección Temporal* a fin de dar resposta ás necesidades de acollemento de estudantes procedentes de universidades ucráínas, que contou cunha dotación superior aos 100.000€. Como complemento deste programa, no mes de abril abriuse unha liña de micromecenado Sumo Valor.

EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E COMPROMISO SOCIAL

As actividades de extensión universitaria foron un ano máis expresión do compromiso da nosa Universidade coa comunidade universitaria e coa contorna social máis próxima.

No que respecta á **oferta cultural**, destacan a I Convocatoria de axudas á dinamización físico-deportiva e cultural nos centros en colaboración co ámbito deportivo; a posta en marcha das primeiras “Faíscas Culturais”, proxecto artístico-pedagóxico na intersección entre o coñecemento académico e a expresión artística; as producións da Aula de Teatro, da Orquestra da USC e do Espazo de Danza e a oferta de 40 cursos da Universidade de Verán 2023 en 10 localidades. Cómpre mencionar tamén as Nerd Nites 2023 e, como actividades de difusión, a I Primavera Cultural, Lugo Cultural e as exposicións *O Esplendor do Camiño*, *Oito séculos de Pratería e Acibeche en Compostela* (en colaboración con Ourives de Compostela), *A Minerva compostelá no seu pasado* e *Valle-Inclán íntimo*.

No eido do **deporte**, a posibilidade de realizar actividades sen restrición e a incorporación de novas iniciativas facilitaron a recuperación do número de participantes nas actividades físico-deportivas ofertadas pola USC, superando os 7.100, o 73% deles da comunidade universitaria e preto da metade mulleres. Fixeron uso libre das instalacións deportivas máis de 4.700 persoas, sobre todo estudantes, e participaron nas 30 actividades dirixidas, maioritariamente a través das escolas físico deportivas, máis de 2.000 persoas. Entre as actividades de competición salientan o desenvolvemento de diversas ligas universitarias; a organización no Campus de Lugo dos Campionatos Galegos de Deportes Colectivos, nos que a USC se proclamou campioa galega na clasificación xeral, e a participación en 16 Campionatos de España Universitarios, nos que se conseguiron 5 medallas de ouro, 1 de prata e 2 de bronce. No ámbito do deporte federado mantivéronse activas 7 seccións coa participación de 231

deportistas. A Universidade recoñeceu a uns 40 deportistas de alto nivel propios, máis da metade mulleres.

Especial mención merece o Plan Corresponsables, desenvolvido ao abeiro dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e as tres universidades públicas galegas, que permitiu levar a cabo actividades físico-deportivas e de primeiros auxilios en 40 concellos galegos. Actualmente trabállase na conformación dunha rede de colaboración entre a USC e o tecido deportivo galego para contribuír á promoción da vida activa en toda a poboación e particularmente entre a xuventude.

Tamén convén salientar a homologación da pista de atletismo do Estadio Universitario pola Real Federación Española de Atletismo para un período de 10 anos, unha vez rematadas as obras de renovación.

No pasado curso a nosa Universidade ofertou nas residencias e colexios maiores do **Sistema Universitario de Residencias** 1.157 prazas de aloxamento, das que 120 foron ocupadas por estudantes de mobilidade e outras 100 puxéronse a disposición de persoas que demandan un aloxamento temporal para desenvolver a súa actividade universitaria. As prazas libres ao remate do curso ofertáronse para ampliación da estancia de residentes e para aloxamento de participantes nas actividades de verán. A Universidade tamén colaborou na xestión de preto de 14.500 solicitudes de bolsas e axudas ao estudo e concedeu axudas para programas de actividades estudiantís a 11 das 14 asociacións inscritas no rexistro de asociacións da USC.

A Universidade desenvolveu tamén un intenso labor no eido da **participación e inclusión universitaria**. Rexistráronse o pasado curso como voluntarios e voluntarias para colaborar de forma continuada 850 persoas, que participaron en diversos programas organizados por máis de 60 entidades do terceiro sector, pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola propia Universidade. É de salientar o importante aumento de voluntarias e voluntarios en programas de axuda a entidades

que traballan en saúde mental e apoio á inclusión e diversidade. Por outra parte, deseñáronse adaptacións curriculares para 129 estudantes con discapacidade e/ou necesidades específicas de apoio educativo. No eido formativo, organizáronse preto de 20 actividades en colaboración co tecido asociativo, todas elas con recoñecemento académico.

No curso 2022-2023 desenvolveuse unha importante actividade orientada a favorecer a **inserción laboral** dos nosos egresados. Procede destacar a organización da Feira Virtual de Emprego da USC, na que participaron preto de 1.000 persoas e 34 empresas; a VIII edición do Proxecto Mentoring USC, da que se beneficiaron 78 estudantes e a xestión da convocatoria do programa de bolsas para prácticas da Fundación ONCE-Crue para alumnado da USC con discapacidade. Ofertáronse tamén módulos formativos de orientación laboral para o fomento da empregabilidade e xestionáronse preto de 400 ofertas de traballo e prácticas a través da Plataforma de emprego da USC, na que están inscritas máis de 2.000 persoas.

Mostra do compromiso permanente da nosa Universidade coa conciliación da vida laboral, persoal e familiar segue a ser o servizo educativo ofrecido a través da **Escola Infantil Breogán**.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A nosa Universidade, para o desenvolvemento das funcións que ten atribuídas, dispón de órganos de goberno responsables da toma de decisións e conta con áreas, servizos e outras unidades que se encargan da súa execución.

O **Claustro Universitario**, máximo órgano representativo da comunidade universitaria, reuniuse dúas veces o pasado curso, ambas en sesión ordinaria. A primeira delas tivo lugar o 2 de decembro de 2022 e nela aprobáronse as Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026, o límite de gasto non financeiro e as Liñas Xerais do Orzamento 2023. Tamén se creou unha comisión delegada para internacionalización. Na segunda sesión, o día 12 de maio deste ano, presentáronse o Informe de xestión 2019-2022 e o

Informe anual do valedor da comunidade universitaria, elixíronse os membros da Comisión de Internacionalización e debatéronse as seis propostas presentadas por membros do Claustro, que foron aprobadas por asentimento.

O **Consello de Goberno** reuniuse ao longo do pasado curso en 12 sesións, 11 ordinarias e 1 extraordinaria. Entre os acordos adoptados cabe salientar, ademais daqueles aos que se fai referencia expresa noutros apartados, o *Plan de Estratexia Enerxética*, o *Regulamento de usos lingüísticos da USC*, o *Proxecto de Programación Plurianual 2023-2026*, o *Proxecto de orzamento do ano 2023*, o *Regulamento da Tarxeta Universitaria de Identidade*, o *Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión*, o *Regulamento polo que se establecen as normas de convivencia da USC e o acordo sobre a composición da Comisión de Convivencia*, o *Protocolo sobre o uso de instalacións de videovixilancia*, o *Regulamento polo que se establece o Sistema Interno de Información da USC*, o *Regulamento do Parque Móbil*, o *Regulamento do Comité de Ética e as Directrices de técnica normativa da USC*.

Pola súa parte, o **Consello Social**, órgano de participación da sociedade na Universidade, contribuíu á acción de goberno o pasado curso coa realización de 9 sesións plenarias, a última delas o pasado 27 de xullo.

Procede mencionar tamén as **eleccións de representantes noutros órganos colexiados** que tiveron lugar o pasado curso. Foron as de representantes do estudantado de grao e máster nas Xuntas de Centro, as de representantes no Consello do Estudiantado e as de representantes de todos os sectores no Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional.

Sen dúbida un dos principais ámbitos de actuación transversal é o da **igualdade de xénero** que, no marco do Plan de Igualdade da nosa Universidade, debe impregnar todas as actividades que se desenvolven nela. No que respecta á cultura institucional, a nosa Universidade celebrou as datas consagradas ao calendario feminista. A formación en xénero foi unha das grandes apostas da Universidade o pasado curso para dar a coñecer

á comunidade universitaria as ferramentas da igualdade na institución, en particular, o *Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero*. Neste sentido, dedicouse á igualdade a axenda universitaria deste curso e organizáronse pola Oficina de Igualdade de Xénero, en colaboración con outros servizos, cursos de formación en perspectiva de xénero para a docencia e a investigación e elaboráronse, xunto coas oficinas homólogas das outras universidades galegas, seis novas guías de perspectiva de xénero na docencia.

Así mesmo, celebrouse unha nova edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación con récord de participación. Parte dos traballos premiados están incluídos na colección de xénero do repositorio Minerva posta en marcha en 2023.

No que atinxe á **normalización lingüística**, outro dos grandes ámbitos de actuación transversal, destacan a publicación dun Glosario bilingüe de dereito procesual que puxo fin á serie de vocabularios básicos de dereito promovidos polo Servizo de Normalización Lingüística; de 15 novos Esenciais e de 45 novas Unidades Didácticas; a oferta formativa para os distintos colectivos e diversas accións en colaboración coas comisións de normalización lingüística dos centros.

Xestionouse a convocatoria anual do Premio *Porteiro Garea*, entregado a Xosé Manuel Beiras na edición de 2022 e outorgado na de 2023, pendente de entrega, a Margarita Ledo Andión, e a convocatoria de premios á calidade lingüística dos traballos académicos, traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado.

Para o desenvolvemento destas actividades a Universidade contou cun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

É preciso mencionar tamén a actividade da Biblioteca e do Arquivo universitarios como servizos fundamentais de apoio á docencia e á investigación. A **Biblioteca Universitaria** culminou en decembro de 2022 o proceso de implantación dun novo sistema de xestión, auspiciado polo Consorcio do Sistema Universitario de Galicia, que permitiu renovar o

deseño da páxina web e incorporar un novo catálogo, Iacobus, con múltiples funcionalidades. A través do Consorcio, a comunidade universitaria pode acceder a 13.244 revistas electrónicas, 37 bases de datos e máis de 133.000 monografías electrónicas. A USC forma parte tamén dos acordos transformativos (Read&Publish) asinados con editoriais científicas, dirixidos a mudar o modelo de pago de licencias por ler ao de pago por ler e publicar en acceso aberto. Merece unha referencia así mesmo o Portal Científico da USC, proxecto coa Fundación Dialnet que se actualiza coas publicacións do noso PDI procedentes de Dialnet, Scopus e, desde 2023, tamén de Web of Science (WOS) e no que a Biblioteca asumiu desde o inicio a tarefa de normalización e tratamento de incidencias.

O **Arquivo Histórico Universitario** é tamén un importante referente no apoio á docencia e á investigación. No pasado curso colaborou con diversas iniciativas académicas e, para favorecer a investigación, contribuír á conservación dos documentos e reducir custos, puxo en marcha o servizo de autocopia con dispositivos móbiles na sala de consulta, en liña coa tendencia seguida nos arquivos de titularidade estatal e autonómica. Por outra parte, o Arquivo sumouse á iniciativa cultural emprendida polo Consello da Cultura Galega con motivo do centenario do Seminario de Estudos Galegos coa organización, o Día Internacional dos Arquivos, da xornada que levou por título *Os arquivos do Seminario de Estudos Galegos: herdanza documental e memoria de Galicia*. Tamén organizou un relatorio o Día Internacional da Muller.

Merece ser destacada a adhesión da nosa Universidade, a través do Arquivo Histórico, ao proxecto *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, integrando neste repositorio da Comunidade Autónoma máis de 120.000 rexistros descritivos dos 16 fondos documentais que custodia e preto de 3.200.000 imaxes, o que posibilita a recolección de datos por outros portais web estatais e europeos e contribúe á difusión da riqueza patrimonial e documental da Universidade.

Na súa función de arquivo administrativo, abordou os traballos técnicos de inventario, rexistro e descrición de 11.000 expedientes; completou a actualización das bases de

datos dos fondos documentais para a súa integración na aplicación ARQUS de xestión de usuarios e consulta de documentación; realizou 5 estudos de series documentais e xestionou a eliminación dun importante volume de documentos.

En materia de **xestión documental e arquivo dixital**, o curso pasado levouse a cabo unha análise técnica do estado dos procedementos administrativos e, froito dela, elaboráronse os documentos necesarios para a toma de decisións de cara á posta en marcha dun sistema completo de xestión documental, arquivo e preservación dixital de expedientes electrónicos.

Tras a conformación do novo equipo de goberno, en xuño de 2022 regulouse a figura do persoal directivo profesional da USC, quedando configurada unha nova estrutura de xestión, que en parte servirá de referencia nesta memoria para dar conta das principais actividades desenvolvidas.

No ámbito da **xestión académica** cabe destacar a aprobación dun procedemento de admisión e matrícula condicionada en máster para estudantes que cursen estudos de grao nunha universidade do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e lles reste por superar a materia TFG e ata un máximo de 9 créditos ECTS e a correspondente adaptación na aplicación Xescampus. Tamén se integrou nesta a oferta académica de estudos propios e dos cursos da Universidade de Verán. Así mesmo, automatizáronse as certificacións supletorias do título de doutor e as acreditacións da superación de estudos propios.

No eido da **xestión da investigación** cabe destacar a creación de programas propios de investigación para poder aplicar a nova modalidade de contratación laboral indefinida vinculada ao desenvolvemento de actividades científico-técnicas, introducida na modificación da Lei da Ciencia, así como os axustes no sistema de seguimento e xustificación das actividades realizadas no marco dos proxectos de investigación financiados con fondos “Next Generation EU” coa creación, xa neste curso, dunha oficina específica para a súa xestión e control.

No **ámbito económico**, a USC liquidou o orzamento do ano 2022 con dereitos recoñecidos por 290,59M€ e obrigas contraídas por 279,10M€, sendo a principal causa deste elevado superávit o ingreso dos fondos derivados do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O resultado non financeiro foi de 3,57M€ de superávit. En 2023 desenvolve a súa actividade cun orzamento de preto de 288M€, un 4,70% superior ao do ano anterior.

No pasado curso levouse a cabo a descentralización da facturación emitida polos centros co emprego de eSICUS; o redeseño e automatización do proceso de xestión das modificacións orzamentarias; a xestión dun importante volume de licitación pública, con máis de 26 millóns de euros en case 80 novas licitacións; a resolución do concurso de proxectos do novo centro de Ciencias da Saúde da USC; a formalización dos encargos da “Prestación do servizo integral de reprografía, edición e impresión dixital”, da “Actividade instrumental de servizos informáticos externos” e da “Prestación da actividade instrumental de proxección institucional e imaxe da USC” á Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P.; a contratación de equipos de investigación para a Área de Infraestruturas de Investigación e a renovación de equipamentos e de contratos de mantemento no ámbito das TIC.

No eido da xestión patrimonial salientan a formalización en escritura pública da compravenda do antigo Hospital de Galeras á empresa Asteriscos Patrimonial S.L.U., que puxo fin a esta operación, e os legados do doutor Alejandro Álvarez Coira e de dona Maria Mercedes de Santiago Rodriguez, neste último caso para investigacións no CIMUS.

En relación coa función de **control interno**, as actividades de fiscalización e control financeiro realizadas durante o exercicio económico 2022 deron lugar á formulación de diversos reparos, tendo como motivo máis frecuente a tramitación e xustificación do gasto. Todos eles foron resoltos de conformidade.

No que respecta ás **infraestruturas**, cabe destacar as obras do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) e as de reforma do Colexio Maior San Clemente, da Facultade de Química e da área de prácticas clínicas de Odontoloxía. Especial relevancia tivo a redacción dos proxectos de rehabilitación da Facultade de Xeografía e Historia e de reforma do Complexo Docente así como a concreción do proxecto *Cidade da Saúde*, futura sede das Facultades de Enfermaría e de Farmacia.

A USC foi das primeiras universidades en dispor dun plan de continxencia para paliar os efectos da crise enerxética, o que permitiu manter o gasto dentro de marxes controladas. Adoptáronse medidas de racionalidade no uso e de mellora na eficiencia das instalacións e iniciouse a incorporación de fontes de enerxías renovables, en liña cos obxectivos e valores dos programas de transición enerxética e sustentabilidade que se están implementando en todo o mundo.

A Universidade respondeu tamén con axilidade aos problemas que afectaron este inverno á Facultade de Bioloxía e, no marco do programa de descentralización do investimento en obra RAM, continuou coa renovación de elementos estruturais en varios centros, en colaboración cos seus órganos de goberno.

A colaboración da nosa Universidade con outras institucións e entidades, públicas e privadas, reflectiuse na sinatura de máis de 300 **convenios**, 86 deles internacionais, e de máis de 40 protocolos xerais de actuación sobre distintas materias, aos que hai que engadir os múltiples convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

A **Asesoría Xurídica**, ademais da atención a consultas e da emisión de informes de diverso tipo, ocupouse dos trámites procesuais dos máis de 100 litixios nos que recaeu sentenza o pasado curso e da elaboración das resolucións reitorais de execución de sentenza. Tamén prestou apoio na resolución duns 130 recursos administrativos e de 9 expedientes de responsabilidade patrimonial. Pola súa parte, a **Oficina de Análise de Reclamacións** deu trámite a 167 recursos, 105 queixas e 31 consultas en materia

académica. Os recursos versaron maioritariamente sobre recoñecementos, baixas en programas de doutoramento e anulacións de matrícula en estudos de máster.

No eido das **tecnoloxías da información e das comunicacións** cabe salientar o remate do proxecto Auladix de mellora do equipamento informático docente financiado con fondos Unidigital, as melloras nas aplicacións de xestión de procesos selectivos de PDI e de rexistro horario, o apoio á Biblioteca na migración á plataforma de xestión bibliotecaria (ALMA), a execución do proxecto de cartelería dixital da USC e, como medidas vinculadas á seguridade, a substitución do sistema de identificación no campus virtual, a renovación das devasas perimetrais e internas e a integración do sistema de identificación na USC coa validación na nube.

No tocante á **seguridade da información** o máis relevante foi a consecución da certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) para os seis sistemas presentados, sendo a quinta universidade española e a terceira administración pública galega en conseguir a certificación dalgún dos seus sistemas de información. Para evitar suplantacións de identidade e preservar a seguridade o Comité de Seguridade da Información acordou xeneralizar a implantación da autenticación de dobre factor. Tamén se conformou a Oficina de Seguridade da Información para adaptar a gobernanza da seguridade na USC ao establecido na Guía específica para universidades do Centro Criptolóxico Nacional.

En materia de **protección de datos persoais**, para a mellora do cumprimento normativo revisouse o Rexistro das actividades de tratamento e realizáronse labores de asesoramento e apoio ao desenvolvemento das actividades que o requiren. Cómpre salientar a participación da nosa Universidade no Grupo de Traballo de delegados e delegadas de protección de datos da Crue e a colaboración a través desta cos Ministerios de Universidades e de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, sobre o impacto da intelixencia artificial nos procesos de avaliación, o título virtual e a incorporación de procedementos de educación superior á Pasarela Dixital Única.

Tras a aprobación no mes de febreiro deste ano do *Regulamento de **publicidade institucional activa** da USC*, actualmente trabállase na posta en marcha do Portal de Transparencia e do Boletín Oficial, no que se publicarán as disposicións normativas de carácter xeral. Esta norma modificou a regulación sobre o Taboleiro electrónico.

No ámbito da **comunicación** continuaron a desenvolverse diversos proxectos estratéxicos. No que respecta á renovación do sitio web institucional, próxima a concluír, creáronse e publicáronse as páxinas de 13 áreas de servizo, migráronse á nova contorna outras páxinas e avanzaouse na formalización do xestor de contido da páxina web institucional. No proxecto da intranet institucional creouse un espazo propio para cada un dos 56 programas de doutoramento e desenvóléronse accións formativas e informativas con unidades, servizos, centros e departamentos. Púxose en marcha tamén a ferramenta de Cartelería Dixital da institución, coa elaboración dun proxecto consistente en dotar a todos os centros de pantallas para poder publicar información cun deseño unificado e integrado co xestor de contido web, que se implementará no último trimestre deste ano.

Respecto do **tratamento de datos e procesos**, no curso pasado simplificouse o envío de enquisas de satisfacción, substituíndo o DNI polo enderezo electrónico como identificador de cada destinatario; proporcionáronse datos e evidencias relacionadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para a participación por primeira vez da USC no ranking de sustentabilidade Times Higher Education (THE) Impact; e achegáronse datos ao Ministerio de Igualdade para a elaboración do estudo da fenda salarial entre homes e mulleres nas universidades españolas.

Para concluír este apartado procede realizar unha breve referencia ao **Campus Terra**, acreditado como Campus de especialización do SUG. Tras a articulación da estrutura de gobernanza e a creación do posto de delegado/a do reitor para a coordinación e seguimento das accións de desenvolvemento deste, a finais de xullo de 2022 asinouse un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación

Profesional e Universidades, cunha dotación de 4M€ para o período 2022-2025, co obxectivo de consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación neste campus.

As actuacións máis destacadas no eido da docencia foron a proposta de creación do Máster en Biociencias Moleculares, accións de formación para os distintos colectivos e a convocatoria do Programa de prácticas en empresas “Retorna ao rural con Campus Terra”. A maior parte do orzamento destinouse a potenciar a carreira investigadora para preparar o relevo xeracional no Campus e mellorar os indicadores de produción científica, con actuacións como as convocatorias de bolsas de iniciación á investigación, de contratos pre e posdoutorais, de axudas para estadias de investigación e de proxectos colaborativos entre grupos e redes. Canto á interacción co tecido produtivo, impulsouse a creación de plataformas tecnolóxicas, puxéronse en marcha programas de activación á transferencia do coñecemento e de apoio á creación de *spin-offs* e deseñouse unha ferramenta dixital de contacto e asesoramento. Desenvolvéronse tamén accións de comunicación dirixidas á captación de alumnado, nacional e internacional, ao fomento da mobilidade e ao reforzo da marca Campus Terra.

COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Este último bloque da memoria está dedicado ás persoas, sen dúbida o activo máis importante co que conta a Universidade e o verdadeiro motor do seu funcionamento.

No curso pasado a USC acolleu a uns 20.000 **estudantes** de grao, 2.200 de mestrado e preto de 2.600 de doutoramento, un 62% mulleres, aos que cómpre engadir uns 870 estudantes de programas de mobilidade entrante e de convenios bilaterais, 65 deles de doutoramento. Cabe salientar que iniciaron os seus estudos de grao un 3,10% máis de estudantes que no curso anterior e que un 32% do estudiantado de doutoramento era estranxeiro. Para propiciar a captación de estudiantado de novo ingreso o programa

A ponte entre o ensino medio e a USC organizou diversas actividades e actos de recoñecemento aos mellores expedientes de FP e Bacharelato.

Ao alumnado de estudos oficiais é preciso engadir as 1.167 persoas que se matricularon nas distintas modalidades de estudos propios e as máis de 2.300 persoas que o fixeron no IV Ciclo, sendo mulleres o 72% do alumnado do Diploma Sénior.

O colectivo de **persoal docente e investigador** contaba a principios de xullo con 2.166 efectivos, un 44% mulleres. Estas representan o 30% no corpo de catedráticas e catedráticos de universidade, preto do 48% no de profesorado titular de universidade e o 53% no de profesorado contratado doutor. Ao longo do curso producíronse 51 xubilacións, 18 delas voluntarias.

As actuacións en materia de profesorado desenvolvidas ao longo do pasado curso teñen o seu punto de partida nas Bases para a Planificación de PDI 2023, aprobadas polo Consello de Goberno en novembro de 2022, nas que se definiron as liñas xerais de actuación tratando de combinar a prudencia que debe presidir a xestión dos recursos públicos coa ambición necesaria para enfrontar o proceso de renovación que marcará en boa medida a evolución da nosa Universidade nas próximas décadas. En desenvolvemento destas Bases, o Consello de Goberno aprobou o 23 de febreiro de 2023 a correspondente Planificación de PDI, que se concretou en 49 prazas de profesorado axudante doutor, 6 de profesorado asociado, 39 de profesorado contratado doutor, 46 de profesorado titular e 50 de catedrática/o de Universidade. Creáronse ademais 15 novas prazas de profesorado asociado de Ciencias da Saúde en virtude dos acordos adoptados na Comisión Mixta USC-SERGAS. No tocante a execución desta planificación, adiantáronse as convocatorias co fin de minimizar no posible algunhas das incertezas provocadas pola entrada en vigor da Lei Orgánica do Sistema Universitario, de xeito que neste momento xa están resoltos os concursos de profesorado non permanente e en marcha os restantes.

As decisións para a contratación de profesorado emérito e o nomeamento de profesorado e persoal investigador *ad honorem* adoptáronse o pasado mes de xuño.

É de salientar así mesmo a incorporación á nosa Universidade da profesora Mary Beard e do profesor Ivo Castro como doutores *honoris causa* nun acto solemne de investidura que tivo lugar no mes de marzo deste ano.

O colectivo de **persoal de administración e servizos** contaba a comezos de xullo con 1.235 efectivos, un 57,50% mulleres. Producíronse ao longo do curso 37 xubilacións, o 89% delas forzosas.

No eido da planificación e innovación administrativa cabe salientar o establecemento dun sistema transitorio de carreira horizontal para o PAS, cuxa primeira convocatoria para a adquisición do grao I se desenvolveu nos meses de marzo e abril. Destacan tamén experiencias piloto orientadas á mellora da planificación dos recursos humanos do PAS como a análise de postos de traballo da Área Deportiva ou o Programa Remuda para facilitar a incorporación aos novos postos tras o concurso de traslados.

Así mesmo, resolveuse a segunda convocatoria de teletraballo, aberta por primeira vez ao persoal investigador e de apoio á investigación; aprobáronse modificacións da RPT de PAS que afectaron a 46 postos de traballo e convocáronse 28 procesos selectivos de persoal fixo para cubrir 167 prazas e 5 procesos para prover 48 postos.

O colectivo de **persoal contratado para actividades de investigación**, persoal investigador e de apoio á investigación, contaba a comezos de xullo con 1.257 persoas, a metade delas mulleres. Xunto ás accións de captación a través de programas de recursos humanos e de convocatorias propias merece ser destacada a convocatoria realizada para a estabilización extraordinaria de 113 postos de persoal investigador.

É obrigada tamén unha referencia á integración da **xestión da formación** de todos os colectivos nun único Centro de Formación de Persoal. Entre as actividades que

desenvolveu o pasado curso salientan a elaboración da Estratexia de Formación 2023-2026; a inclusión por primeira vez do persoal investigador e de apoio á investigación na oferta formativa e o incremento significativo de cursos de formación para o PAS; a organización da formación de acollida do novo PDI e do nivel inicial da formación para a transformación dixital na docencia; a organización do I Curso sobre a función directiva na USC; a elaboración da Guía básica do Campus Virtual para o alumnado e a formulación dunha proposta de accións para o proxecto da plataforma virtual de formación en aberto (xOC) do plan UniDigital.

Antes de poñer fin a esta memoria é de xustiza lembrar ás persoas da comunidade universitaria que faleceron o pasado curso estando en activo: Ana Goy Diz, Javier José López Rodríguez e Ricardo Antonio Vázquez López. O noso sentido recordo para todas elas.

Quero rematar agradecendo á comunidade universitaria a implicación mostrada unha vez máis á hora de asumir as medidas restritivas que foi necesario adoptar para facer fronte ao encarecemento dos prezos da enerxía.

Estou convencida de que esa implicación seguirá estando presente neste curso, no que ademais de convivir con desafíos como o relevo xeracional ou o uso da intelixencia artificial, teremos que abordar un intenso proceso de cambio normativo para adaptármonos a unha Lei que lles deixa ás universidades unha ampla marxe para organizárense. Deberíamos aproximarnos a esta tarefa con altura de miras. Como dicía Ortega y Gasset, *“Só cabe progresar cando se pensa en grande, só é posible avanzar cando se mira lonxe.”*

Moitas grazas.

Dulce M^a García Mella. Secretaria Xeral

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023